

**BOP**

BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA DA CORUÑA BOLETÍN OFICIAL DE LA PROVINCIA DE A CORUÑA



Boletín Nº 250. Jueves, 30 de octubre de 2003

- [IV. ADMINISTRACIÓN LOCAL](#) - [IV.2 MUNICIPAL](#) - [CONCELLOS DE FENE E CABANAS](#)

EDICTO *Pág. 11899 Reg. 10959-0.*

[Anterior](#)

[Siguiente](#)

*Edicto conxunto dos Concellos de Fene e Cabanas para publicación dos estatutos da Entidade urbanística de conservación do Polígono Industrial de "Vilar do Colo" nos termos municipais de Fene e Cabanas*

A Corporación Municipal de Fene en sesión ordinaria celebrada con data 3 de abril de 2003, e do Concello de Cabanas en sesión de data 20 de maio de 2003 respectivamente, prestaron aprobación definitiva á Constitución de Proxecto de Estatutos da Entidade Urbanística de Conservación do Polígono Industrial de Vilar do Colo, polo que se procede á publicación íntegra dos mesmos:

## **PROXECTO DE ESTATUTOS DA ENTIDADE URBANÍSTICA DE CONSERVACIÓN DO POLÍGONO INDUSTRIAL DE "VILAR DO COLO"**

### **Sumario**

Estatutos polos que se rexerá a entidade urbanística de conservación do Polígono Industrial de "Vilar do Colo"

Exposición de motivos

Capítulo I.-Disposicións xerais

- Denominación, natureza e réxime legal
- Enderezo
- Obxecto
- Ámbito
- Vixencia e duración

Tesoureiro, Secretario e dous Vocais, todos eles propietarios de parcelas con coeficientes de participación asignado ás mesmas.

2. Un representante da Administración actuante formará parte, así mesmo, da Xunta de Goberno.

### **Artigo 26º .-Elección dos membros da Xunta.**

A elección dos membros da Xunta de Goberno será a da lista pechada, con indicación expresa de cargos, máis votada pola Asemblea, a excepción do Representante da Administración actuante que será nomeado polo Pleno do Concello.

### **Artigo 27º .-Duración, renovación e características dos cargos.**

1. Os membros da Xunta de Goberno desenvolverán os seus cargos durante un prazo máximo de dous anos e poderán ser reelixidos indefinidamente.

Renovaranse parcialmente por metade cada ano.

2. Por excepción os membros da Xunta de Goberno designados no título constitutivo deben somete-lo seu nomeamento á aprobación da primeira Asemblea Xeral que se celebre.

3. Os cargos da Xunta de Goberno non son renunciabes, agás por motivo suficiente apreciado pola Asemblea Xeral.

4. Por carácter condicionante dos nomeamentos, as persoas designadas cesarán dos seus postos no momento que causen baixa nas empresas que representan ou nas titularidades que posuían o producirse a súa designación.

5. Os cargos da Xunta de Goberno son gratuítos.

### **Artigo 28º .- Provisión interina de vacantes.**

Si durante o tempo no que fosen nomeados se producen vacantes na Xunta de Goberno, poderá designar esta, entre os membros da Entidade, ás persoas que deban de ocupalas ata que se reúna a Asemblea Xeral Ordinaria ou Extraordinaria.

### **Artigo 29º .- Reunións: Réxime e funcionamento.**

1. A Xunta de Goberno reunirse na localidade do domicilio da Entidade, preferiblemente na súa propia sede, previa convocatoria do Presidente, por propia iniciativa ou a petición dunha terceira parte dos seus membros e preceptivamente unha vez cada tres meses.

Non será necesario previa convocatoria si atopándose presentes tódolos membros da Xunta, en calquera lugar decidisen celebrala.

2. A convocatoria, agás nos casos de urxencia apreciada polo Presidente, cursarase, alomenos, con corenta e oito horas de antelación, fixando sucintamente a orde dos asuntos a tratar.

3. Das reunións levantarase acta que poderá aprobarse na mesma reunión a que se refiren ou na seguinte, sen perxuício de que os acordos teñan forza executiva dende o momento da súa adopción. A acta irá asinada polo Secretario, co visto e prace do Presidente.

4. Para que a Xunta poida deliberar e adoptar acordos validamente necesitarase